

BASES PARA UN PLAN DE RECUPERACIÓN DAS POBOACIÓNS DE COELLO DE MONTE E PERDIZ RUBIA EN GALICIA



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com



O Plan de Recuperación da Caza Menor, en adiante PRCM, nace do convencemento, dos cazadores galegos, de que é preciso dar un paso adiante para recuperar as poboacións de dúas especies emblemáticas en Galicia: a perdiz rubia e o coello de monte, non só como as raíñas da caza menor senón tamén como parte importante do patrimonio natural desta comunidade.

Un dos puntos máis importantes das conclusións ás que se chegou nos “encontros pola caza” que organizou a Federación Galega de Caza baixo o título “bases para unha caza social na Galicia do século XXI”, e que congregaron en Santiago, no pasado mes de abril, a máis de catrocentos representantes das sociedades de caza galegas, foi precisamente a necesidade da elaboración dun PRCM.

Trala celebración dos “encontros”, os órganos da Federación comezan a traballar, manteñen numerosas reunións, e sobre todo atenden o parecer de investigadores e técnicos de primeiro nivel, co obxecto de que o PRCM teña o contido científico imprescindible e tamén o necesario contacto coa realidade da Caza en Galicia.

O equipo de redacción do PRCM quere agradecer a participación e o traballo daquelas persoas que, sen formar parte do organigrama federativo, achegaron as súas opinións, suxestións, documentos de traballo, etc. A colaboración de todos eles foi imprescindible para o contido deste plan.





O agradecemento e recoñecemento especial a:

- RAMON C. SORIGUER ESCOFET

Estación Biológica de Doñana-CSIC

- XOSE MARIA FERNANDEZ MAGARIÑOS

Nanfor SA

- JAVIER VIÑUELA MADERA

Investigación de Recursos Cinegéticos-IREC Universidad de Castilla La Mancha

- CARLOS CALVETE MARGOLLES

Centro de Investigaciones Agroalimentarias CITA Universidad de Aragón

- FRANCISCA CASTRO NOTARIO

Investigación de Recursos Cinegéticos-IREC Universidad de Castilla La Mancha

- RAFAEL VILLAFUERTE FERNANDEZ

Investigación de Recursos Cinegéticos IREC Universidad de Castilla La Mancha

- LUIS IGNACIO PEREZ-ORDOYO GARCIA

Laboratorios SYVA S.L

- VICENTE PIORNO GONZALEZ

Centro de Investigacións Medioambientales de Lourizan-Consellería de Medio Ambiente

- COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS FORESTAIS DE GALICIA,

en especial ao seu Secretario Manuel Fontán.

A mesma gratitude para oito empresas de xestión cinexética galegas que aportaron os seus coñecementos e tamén a súa visión cercana sobre os asuntos da xestión: CIMA CAZA, GESTEGA, XESTEGA, J. M. MATOS, PIÑEIRO-TOUCEDA, TEGSAGES, CSM ASESORES, CERNA.





INTRODUCCIÓN

Os importantes cambios que no mundo rural se sucederon progresivamente dende os anos 70, con substanciais modificacións no uso do solo, levaron á transformación dos tradicionais hábitats debido ao abandono de terreos de cultivo extensivo, á intensificación e mecanización da agricultura e da gandería, ao uso xeneralizado dos produtos químicos, ás veces con poucos coñecementos sobre os mesmos, e á urbanización do territorio que xunto coa incidencia de importantes enfermidades, orixinaron un forte declive, nas últimas décadas, das especies de referencia, perdiz e coello, reducindo de forma moi acusada a súa abundancia, e mesmo condicionando e limitando a súa distribución en moitas zonas a un feito case testemuñal.

Nos derradeiros anos, este declive de ambas especies espertou o interese e sobre todo a preocupación dos cazadores e das sociedades de caza, ao seren ámbalas dúas especies pezas básicas da caza menor. Non cabe dúbida que esta grande preocupación por parte dos cazadores tamén a entenden e comparte os colectivos conservacionistas, os investigadores e a propia Administración. Está claro que existe unha íntima relación entre a caza e a conservación, non só pola interrelación das especies senón porque o aproveitamento cinexético sostible ten un gran valor social e económico. Non cabe dúbida de que ambas son algo máis que especies cinexéticas, xa que forman parte do rico patrimonio natural que debe ser conservado e fomentado.

SITUACIÓN ACTUAL DAS POBOACIÓNS DA PERDIZ E DO COELLO EN GALICIA

Neste plan cabe resaltar que o coello de monte xunto coa perdiz son as dúas principais especies de caza menor en Galicia. As capturas de coello representan case o 75% do total das pezas de caza menor, seguido da perdiz con case o 15%. Ámbalas dúas constitúen preto do 90% do total de capturas de caza menor na Comunidade Galega.

Así mesmo tanto o coello de monte como a perdiz rubia xogan un importantísimo papel ecolóxico, como presas básicas de numerosas aves rapaces e mamíferos carnívoros, o que chega a determinar a súa área de distribución. Moitas destas especies de predadores atópanse nunha situación de ameaza en Galicia, como é o caso da Aguia Real, da Aguia Perdiceira e do Búho real. Algunhas delas incluso ao borde da desaparición dadas as grandes dificultades que atopan para poder alimentarse.





Ámbalas-dúas especies, obxecto deste plan, atravesan unha mala situación en canto á súa abundancia, reducíndose considerablemente as súas poboacións, especialmente nas tres últimas décadas, debido principalmente ás patoloxías víricas no caso do coello e ás alteracións do seu hábitat que afectan por igual ás dúas especies.

Segundo a opinión dos científicos consultados, o aproveitamento e xestión do coello e da perdiz en Galicia non estivo en consonancia coa importancia e o status destas especies. A presión da caza tamén puido non responder ás variacións na abundancia das poboacións e as medidas de manexo non reflicten os coñecementos científicos actuais sobre a xestión. Isto, probablemente, non contribuíu en absoluto á mellora da situación, empeorándoa en moitos casos.

SITUACIÓN ACTUAL DO COELLO DE MONTE EN GALICIA

O coello de monte foi unha especie moi abundante en Galicia, a pesar de tratarse dunha zona un tanto marxinal para unha especie de hábitats mediterráneos. Esta abundancia e a súa presenza moi estendida son as razóns que se achán detrás da súa importancia cinexética e ecolóxica. Nos últimos trinta anos, os seus números víronse drasticamente reducidos. Como dato de referencia, o volume de capturas en Galicia é actualmente menos da metade que a principios dos anos 80.

A causa principal desta diminución son dúas patoloxías víricas ben coñecidas, a Mixomatoses e a Enfermidade Hemorráxica Vírica (EHV). Ámba-las dúas tiveron no momento da súa aparición un impacto dramático sobre as poboacións de coello. Actualmente o seu efecto moderouse pero adquiriron carácter endémico, e constitúen un importante factor limitante para a recuperación da especie.

Os predadores oportunistas, como o xabaril, raposo, cans e gatos asilvestrados e outros incrementaron as súas poboacións de forma importante e con este desequilibrio pode ocorrer que en determinadas áreas a posibilidade de recuperación do coello estea moi limitada pola gran abundancia destes predadores oportunistas, que xeran o que se denomina “pozo de predación” do cal é practicamente imposible recuperar as poboacións de coello. Este control de predadores, dacordo cos datos científicos, débese facer en grandes áreas xeográficas, para que cumpra a súa función.

Outro importante factor limitante para as súas poboacións é a alteración do hábitat.

- O coello é unha especie de medios abertos. O seu hábitat idóneo son zonas de matogueira cun mosaico de vexetación herbácea, onde o coello atopa á vez refuxio e alimento. Este tipo de medio, tradicionalmente abundante no monte





galego, atópase actualmente en declive. Trátase, por outra banda, dun medio cun alto valor ecolóxico, que alberga a gran número de especies ameazadas e que engloba varias categorías de hábitats protexidos pola Directiva hábitats.

- Unha das causas principais deste declive foi o abandono dos usos tradicionais do monte, que levou nalgúns zonas á proliferación da matogueira e á perda dos claros con vexetación herbácea, fundamentais para a alimentación. Por outra banda, este abandono asociouse tamén cos grandes incendios forestais, responsables da destrución de amplas zonas de hábitat favorable para os coellos.
- Outra das causas de destrución deste hábitat son as repoboacións forestais. Estas proliferaron considerablemente nos últimos 15 ou 20 anos, realizándose sen criterios de ordenación do territorio que reserven zonas para outros fins (caza ou conservación, por exemplo) e non contemplando métodos que minimicen o impacto sobre a fauna, que adoita ser moi acusado e prexudicial para a súa supervivencia.

Tradicionalmente, houbo un escaso interese, por parte de técnicos e investigadores, en coñecer os diversos aspectos sobre o coello relacionados coa súa bioloxía, dinámica de poboacións, xestión cinexética, etc. Era unha especie inesgotable e que non requiría ningunha actuación para o mantemento das súas poboacións; pola contra, o coello estaba considerado nalgúns zonas como unha especie de praga, que levou a retrasar no tempo o inicio de estudos e medidas acorde coa realidade das súas poboacións. De aí pode xurdir a escaseza, a día de hoxe en Galicia, de profesionais con formación suficiente en xestión cinexética, e que se tornan indispensables na situación actual.

ASPECTOS FUNDAMENTAIS SOBRE A XESTIÓN CINEXÉTICA DO COELLO DE MONTE

A xestión cinexética do coello, segundo os datos que manexan os expertos, tampouco contribuíu a mellorar esta situación, e nalgúns aspectos ata contribuíu a empeoralala.

Tradicionalmente a caza do coello, cunha elevada presión cinexética sobre a especie, foi sostible e compatible coa conservación da mesma.

Actualmente, en Galicia, o manexo da especie presenta importantes deficiencias, debido fundamentalmente á falta de información e á escaseza de recursos económicos, humanos e materiais.





As prácticas de manexo baseadas nos avances científicos, descoñecidas para moitos non foron empregadas adecuadamente en infinidade de ocasións, predominando a inacción, ou noutros casos, as medidas máis tradicionais, das que a día de hoxe probouse a súa escasa ou nula eficacia.

É especialmente preocupante o estendido emprego das repoboacións con coellos híbridos de doméstico ou silvestres do centro-sur peninsular. Esta práctica, probablemente a máis frecuente nos TECORES galegos, ten ás veces efectos balsámicos para os cazadores pero á súa vez ten importantes riscos xenéticos e sanitarios comprobados en investigacións científicas.

Sería importantísimo, seica imprescindible, a elaboración dun plan a medio prazo que permita xestionar adecuadamente o coello de monte en Galicia, que debe ter en conta, alomenos, tres cuestións fundamentais:

- O actual status da especie e os principais factores que o condicionan (enfermidades, alteración do hábitat ou xestión pouco adecuada)
- O papel que deben xogar as diferentes partes implicadas, fundamentalmente Administración e Sociedades de Caza.
- A necesidade de que a xestión estea guiada por datos fiables sobre a situación da especie e pola ampla información científica dispoñible actualmente sobre o seu manexo, posta en mans de especialistas e ao servizo de todos.

AS POBOACIONS DA PERDIZ RUBIA EN GALICIA

A perdiz é unha especie relativamente abundante en Galicia, pero non cabe dúbida que a presenza xeneralizada de perdiz autóctona en todo o territorio é cada vez menor, e a súa densidade diminuíu moito nos últimos anos. A primeira vista obsérvase que o hábitat favorable onde existían zonas cultivadas de cereal alternadas con monte baixo case desaparecieron, dando paso a outro tipo de cultivos e abrigo a grandes zonas de matogueira e bosque nos que non logra adaptarse con facilidade.

Cabe recordar que unha perdiz precisa de 70 gr de alimento ao día, debendo comporse este de alomenos un 50% de grans de cereal, dos cales come aproximadamente 15 kg ao ano.





Os técnicos manifestan que esa perda de hábitat e por tanto a diminución de capacidade reproductora, actualmente estase a suplementar con repoboacións nas que non está suficientemente garantido a ausencia de hibridación, sobre todo con perdiz chukar. Esta adáptase moito mellor á cativeiro e é máis rendible economicamente debido ao seu maior potencial reproductor. Esta hibridación, sempre baixo criterio científico, parece traer consigo unha importante perda de rusticidade, que as fai moito máis vulnerables, tanto pola perda do instinto de nidación, como por seren presas máis fáciles dos predadores, así como polos riscos sanitarios que pode conlevar. As perdices de granxa a cotío son portadoras de infinidade de parasitos e enfermidades moi diferentes aos típicos das silvestres, pero sobre todo poden estar contribuíndo a reducir drasticamente o volume da poboación autóctona.

A pesar das numerosas repoboacións levadas a cabo, os datos reflicten que as capturas anuais non chegan a metade dos exemplares postos en liberdade no medio. A isto tamén contribuíu a antropización do monte, facilitada polas vías de comunicación, pistas forestais, e a universalización dos vehículos a motor, entoutros, que foi reducindo as zonas das necesarias condicións de tranquilidade que a especie precisa para o seu bo desenvolvemento, facilitando a localización de bandos e a redución do esforzo na práctica da súa caza.

A recuperación das poboacións de perdiz aínda é posible en Galicia, sempre que se estableza un correcto plan de xestión a medio prazo. Require un esforzo importante, polas moitas melloras que é necesario realizar, que son custosas e lentas en resultados. Cabe lembrar que estamos a loitar contra a inercia natural e por tanto han de abordarse con esforzo, constancia e paciencia.

PROPOSTA DUN NOVO MODELO DE XESTIÓN PARA AS POBOACIONS DE PERDIZ E COELLO DE MONTE

Para unha adecuada xestión do coello de monte e da perdiz rubia é necesaria unha transformación do xeito no que actualmente se manexan as especies. Nesta transformación deben comprometerse decididamente os dous sectores máis implicados na xestión e conservación das poboacións, isto é, Administración e cazadores.

Os titulares dos TECORES realizan o aproveitamento cinexético e executan os manexos correspondentes. Para que estes labores se realicen adecuadamente e dean os froitos esperados, os titulares dos tecores deberían desenvolver unha xestión baseada nos seguintes puntos:





- Fomentar, entre os cazadores e directivos das sociedades de caza, os valores da constancia e disciplina na xestión e cumprimento das liñas xerais establecidas polos plans de ordenación e aproveitamento cinexéticos, ou calquera outro que se estableza, e o rigor, tanto na súa posta en marcha como no seu necesario seguimento, como paso previo a calquera actuación de mellora para a caza menor.
- Monitorizar, mediante procedementos sinxelos, a abundancia de coello e perdiz nos TECORES, por exemplo mediante o rexistro das capturas durante a tempada de caza. É imprescindible dispor de datos para poder diagnosticar o tratamento a aplicar.
- Regular as capturas, no marco dos plans, de xeito que estas se adapten ás variacións na abundancia poboacional da especie. Isto debe facerse tamén mediante procedementos facilmente executables, por exemplo estruturando mellor a tempada de caza.
- Esforzarse por protexer as zonas do TECOR con hábitat favorable para as especie de referencia, fundamentalmente as zonas de matogueira. Isto inclúe preferentemente buscar unha adecuada protección fronte aos incendios e achegar acordos cos propietarios dos terreos para reservar pequenas zonas onde non se leven a cabo plantacións forestais. É imprescindible unha coordinación das actuacións a desenvolver no monte.
- Realizar nas zonas de matogueira de alta cobertura pequenas rozas en forma de clareos de vexetación para conseguir un mosaico de matogueira e herbáceas, incluíndo plantacións de cereal para facilitar a posterior alimentación. En caso de non ser viable habería que recorrer á instalación de comedeiros e, en menor medida, bebedeiros artificiais, dada a alta pluviosidade en Galicia.
- Levar a cabo medidas para diminuír o impacto da predación causada polos depredadores oportunistas, especialmente cans e gatos asilvestrados e visón americano. Tamén, mediante os métodos adecuados, de forma selectiva e coas correspondentes autorizacións, reducir a densidade de raposos e outros predadores.
- Coidar especialmente as zonas de solta, levando a cabo nelas melloras do hábitat, adecuación de puntos de auga, medidas de redución do impacto da predación e, se fose necesario, limitar nelas a presión de caza.
- Levar a cabo todo o conxunto de medidas propostas de forma concentrada, actuando de forma rotatoria, por todo o territorio do TECOR, de xeito que seguindo unha programación a longo prazo





permita cubrir toda a superficie. As actuacións dispersas teñen unha eficacia moito menor, con escasa rendibilidade do esforzo realizado.

Neste Plan, á Administración corresponderíalle a dotación de orzamentos, de cara a establecer liñas permanentes de axuda e investimentos en investigación, así como a posta en funcionamento de proxectos piloto e outras actuacións nas sociedades de caza para a mellora da caza menor, e tamén, dacordo coas súas competencias, corresponderíalle a función de supervisar a xestión das especies.

A fin de desempeñar adecuadamente este labor, deberían impulsarse, pola súa parte, os seguintes aspectos, todos eles básicos para poder garantir o éxito destas actuacións,:

- Monitorizar o estado das poboacións da especie a nivel de toda Galicia, a fin de dispor dunha base adecuada para a toma de decisións.
- Ordenar o marco xeral en que deben realizarse os aproveitamentos cinexéticos das especies. Este punto debe facerse efectivo mediante unha aprobación das ordes anuais de tempadas hábiles de caza, adaptándose ás diferentes especies, e dos plans de ordenación cinexética, en base á información sobre a situación poboacional. Os plans de ordenación e aproveitamento deben ter os mecanismos de corrección necesarios para adaptalos á realidade de cada tempada, dada a grande fluctuación que poden sufrir as poboacións, en moitos casos de imposible previsión varios anos atrás.
- Establecer unha regulación adecuada e esixente con aquelas prácticas de xestión que no caso de seren realizadas de forma inadecuada teñan consecuencias desfavorables, e que están suxeitas a un réxime de autorizacións. Son especialmente importantes neste senso as repoboacións e o control de depredadores.
- Orientar, apoiar e supervisar a execución de manexos adecuados por parte dos titulares dos TECORES, mediante asesoramento, difusión de información e réximes de axudas acorde coa realidade cinexética galega e o futuro que se quere deseñar.
- Dotar orzamentos de xeito continuado para o establecemento de liñas de axuda de xeito que se consigan resultados visibles nun prazo temporal de varios anos.
- Buscar formulas que axilicen o proceso administrativo para a renovación, modificación e aprobación dos plans de ordenación e aproveitamento cinexético para que poidan ser os garantes das medidas que avancen nunha mellora práctica dos efectos de desenvolvemento destes.





- Estas mesmas fórmulas de axilización do proceso administrativo deberían aplicarse a toda a tramitación de axudas.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA RECUPERAR AS POBOACIÓNS DE COELLO DE MONTE

Dentro da proposta global dun novo modelo de xestión débense matizar, máis se cabe, as seguintes actuacións de cara a recuperar as poboacións de coello de monte.

- Construír unha rede densa de vivares artificiais no TECOR, especialmente nas zonas de menor cobertura de matogueira e chan menos profundo. Estes vivares consisten en acumulacións de pedras e terra de forma axeitada.
- Realizar repoboacións nas zonas onde o coello desapareza ou onde acadase unha abundancia marxinal. Estas repoboacións deben realizarse coa metodoloxía adecuada (protocolo de solta), soltando os coellos en vivares artificiais cunha fase de acondicionamento previo.
- Noutras zonas onde a poboación de coellos aínda conte cun número de exemplares suficientes deben acometerse, de contado, medidas de xestión encamiñadas a aumentar esta poboación, sendo a priori desaconsellable a repoboación con outros animais tal e como se entende e practica hoxe en día en Galicia.
- Asegurarse que os coellos usados nas repoboacións reúnen a calidade adecuada, tanto xenética como sanitaria. Os coellos híbridos procedentes de cría en gaiolas e de zonas afastadas de Galicia supoñen importantes riscos xenéticos e sanitarios e deben ser evitados. A medio prazo, debe tenderse ao emprego exclusivo de coellos locais, criados en Galicia, en cercados en semiliberdade.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA RECUPERAR A PERDIZ RUBIA

O hábitat é fundamental tanto para o mantemento das poboacións autóctonas como para a reintroducción de perdices mediante animais criados en granxa. Así os clareos de matogueira e a roza e sementa de cereal de pequenas zonas deben ser a base na recuperación do territorio da perdiz. É importante que estas melloras nos leven a un territorio fragmentado e non a grandes áreas homoxéneas.





O control de predadores (en ningún caso se trata da eliminación) en amplas zonas como se describiu de forma xeral, faise imprescindible de cara á recuperación desta especie.

As perdices de solta son extremadamente sensibles á depredación. A miúdo estas soltas converten aos TECOR en auténticos sumidoiros de predadores. O reto sería criar perdices que estiveran mellor preparadas ante a predación, a isto contribuiría de xeito decisivo un bo proceso de cría.

Hai diferencias notables entre as distintas perdices criadas en catividade para a repoboación, dependendo da súa orixe, proceso de cría, manexo, alimentación, sanidade, etc. Debe prestarse especial atención a tres factores:

- Pureza xenética
- Control sanitario
- Adaptación ao medio

De aí a necesidade de impulsar en Galicia os centros de referencia xenéticos de perdiz rubia existentes, xa sexa para obter polos para recriar noutras instalacións ou para obter adultos, coas máximas expectativas de éxito.

Hai que subliñar a importancia de ter garantía de control xenético e sanitario das perdices soltadas na nosa Comunidade.

Establecer un protocolo de solta para as perdices, con gaiolas de adaptación, épocas e idades de solta, garantía de comida e auga nos primeiros días, etc.

DIFICULTADES QUE DEBEN SALVARSE PARA A APLICACIÓN DESTE NOVO MODELO DE XESTIÓN

Dada a situación considerada ata o de agora sobre a realidade das especies e o estado actual da súa xestión, a implantación do novo modelo proposto para xestionar adecuadamente coello e perdiz debe salvar os seguintes obstáculos:

- Carencia de información precisa sobre o status de ambas especies, especialmente no relativo ás súas tendencias poboacionais, pero tamén no referente ao estado de conservación da súa estrutura xenética, moi afectada polas incesantes repoboacións.





- A dificultade das sociedades de caza para levar a cabo unha xestión baseada nos puntos propostos. Esta dificultade ten varios compoñentes. Por unha banda, a desconfianza da maioría da masa social destas sociedades de caza a cambiar o modelo de xestión, debido a un gran escepticismo logo dun longo período de malos resultados e a un descoñecemento práctico das vantaxes que podería reportar este cambio. Por outra, a escaseza de recursos económicos para facer fronte a este novo modelo de xestión por parte dos cazadores.
- Escaseza de persoal formado nos coñecementos científicos e técnicos específicos, a disposición das sociedades de caza, necesarios para levar á práctica as medidas propostas.
- A ruptura do consolidado modelo de xestión actual, baseado case exclusivamente na realización de repoboacións con métodos pouco eficaces, e sobre todo, na maioría dos casos, con animais de moi baixa calidade xenética e sanitaria, co risco que elo implica especialmente no caso do coello.

RESUMEN DAS ACTUACIONES NECESARIAS PARA A RECUPERACIÓN DAS POBOACIONES DE PERDIZ RUBIA E COELLO DE MONTE EN GALICIA

ESTABLECEMENTO DOS INSTRUMENTOS BÁSICOS DE OBTENCIÓN DE INFORMACIÓN

- Programa de monitorización da abundancia de coello e perdiz. Debe realizarse de forma coordinada no ámbito xeográfico de toda Galicia. Trátase de obter a información sobre as tendencias poboacionais a longo prazo das especies. Sería importantísimo para a obtención de datos a marcaxe de todos aqueles animais que se liberen no medio. É un instrumento básico para deseñar todo o plan de xestión, para aplicalo (especialmente no relativo á regulación das capturas) e para avaliar a súa eficacia. Debe basearse na obtención dun índice preferentemente fundamentado en indicios, que poida medirse cun baixo custo nun amplo número de puntos en toda Galicia un mínimo dunha vez ao ano, ou desexablemente dous. Debería complementarse cun programa de monitorización das capturas, baseado nunha mostraxe de bolsas de caza, ou con información voluntaria achegada por cazadores ao longo de cada tempada.





- Estudio sinxelo da estrutura xenética do coello e a perdiz en Galicia e avaliación do impacto das repoboacións. Este estudo debería consistir nunha mostraxe xenética para identificar as poboacións de xenética mellor conservada como posible fonte de reproductores.
- Sería interesante tamén para o bo funcionamento do programa unha delimitación xeográfica das áreas naturais con características máis ou menos homoxéneas dende o punto de vista do hábitat das especies, o seu grao de degradación e posibilidades de recuperación reais a fin de que os datos obtidos poidan ser diagnosticados convenientemente de cara a aportar propostas efectivas de recuperación da perdiz e do coello, e conseguir unha mellor optimización dos recursos destinados a este fin.

ESTABLECEMENTO DUN RÉXIMEN DE AXUDAS PARA A ORIENTACIÓN DA XESTIÓN

Trataríase de establecer un sistema de incentivos económicos con carácter plurianual, que custeasen en parte a aplicación por parte dos titulares dos TECORES dunha xestión baseada nos puntos expostos anteriormente. Estes incentivos deben servir para romper coa inercia do modelo actual e para demostrar a eficacia das novas prácticas de xestión baseadas na evidencia científica. Este réxime de axudas debería atender as necesidades que se mencionan a continuación:

1.- Creación dunha rede de apoio técnico aos tecores.

Aínda que o modelo de xestión proposto baséase nunha serie de medidas de natureza sinxela, a súa execución na práctica require dunha serie de coñecementos técnicos-científicos dos que os titulares dos TECORES non adoitan dispor. Trátase de coñecementos científicos moi recentes e que debido á súa escasa aplicación en Galicia, non se coñecen en profundidade. Sería conveniente por esta información a disposición do persoal titulado que se dedica profesionalmente ao sector, así como das sociedades de caza. De acordo co resultado de experiencias recentes neste apartado, este apoio técnico é fundamental, marcando a diferenza entre o éxito e o fracaso. Sería xa que logo necesario dispor dun pequeno cadro de persoal adecuadamente formado dedicado especificamente e unicamente a esta tarefa. O seu traballo consistiría no apoio técnico aos TECORES para a implementación do novo modelo de xestión, traballando en contacto directo e frecuente con eles, e supervisando de preto, entre outras cuestións, as actuacións derivadas do réxime de axudas do punto anterior.





2.- Actuacións específicas coello:

- Financiar especialmente a execución de melloras de hábitat (rozas e vivares artificiais), a construción de peches de cría en semiliberdade e a realización das repoboacións con metodoloxía e animais adecuados.
- Dar prioridade aos TECORES que executen actuacións integrais, aínda que sexan en varios anos. O conxunto de puntos expostos anteriormente conforman un modelo global que debe aplicarse como un todo, e non unha lista de ideas para aplicar illadamente, co cal perderían a súa eficacia.
- Concentrar as actuacións. É preferible incentivar a un número menor de TECORES ano a ano con importes suficientes para conseguir melloras significativas que financiar pequenas intervencións illadas. Non debemos esquecer que se trata dun plan a medio prazo.
- Seleccionar adecuadamente os TECORES destinatarios das axudas, contando cun compromiso firme por parte deste de forma que se maximice a posibilidade de que o novo modelo de xestión sexa aplicado eficazmente a medio prazo.
- Programa de protección da diversidade xenética do coello de monte. Este programa deberá contemplar a regulación e control das granxas cinexéticas existentes, excluindo a cría e solta de híbridos con coello doméstico, o control e verificación das importacións de coello foráneo. Así mesmo deberíase impulsar de forma definitiva a cría en semiliberdade de coellos autóctonos en Galicia de forma que o novo modelo vaia substituíndo paulatinamente ao actual. Sería moi interesante contemplar tamén a incorporación da iniciativa privada á produción de coello de calidade adecuada para garantir a repoboación, sempre suxeita ao control e supervisión, xa establecidas legalmente, por parte da Administración.

3.- Actuacións específicas perdiz

- Fundamental é a calidade dos exemplares que se soltan: pureza e variabilidade xenética. Isto require granxas con un bo manexo para evitar os problemas derivados das enfermidades.





- Tratamento antes da solta e control sanitario dos exemplares doutras procedencias. Sería importante que as perdices procedesen de granxas con pouco faciñamento, pouco contacto co home e unha boa alimentación.
- É fundamental a calidade do hábitat do TECOR no que se solten, cabe lembrar a importancia de actuar sobre el mediante desbroces e sementes de cereal. É moi importante a alimentación, non só por tratarse dun aspecto vital senón que ademais contribúe a fixar as perdices no lugar da solta.
- Dispersión no espacio e no tempo da solta, é dicir, facer as soltas en grupos pequenos de exemplares repartidos no maior espacio posible e distribuídos no tempo. É unha técnica pouco aplicada en Galicia pero a pesares de que complica a loxística da solta realmente mellora moito os porcentaxes de supervivencia.
- Moi aconsellable é o uso de cercados de aclimatación, esta técnica demostrouse exitosa con outras especies como o faisán e a perdiz gris ou a mesma perdiz rubia en países como Italia.
- Recomendable un control legal de depredadores, hai que recordar que un hábitat ben manexado con bos refuxios naturais para as perdices contribúe a un maior éxito.
- Nunca se debe esquecer que as perdices coas que se repoboa son perdices dun ano e iso implica, biolóxicamente falando e por definición, que son moi malas reproductoras.
- Moi importante se queremos ter éxito repoboando é lembrar que é imprescindible un estricto plan de aproveitamento, ou ata a veda parcial da especie o ano que se produce a solta. Isto non significa a veda do TECOR, senón un correcto uso de cuarteis con zonas nas que non se cace. Estamos con estas practicas tentando recuperar as poboacións, entre outras cousas, para poder ter un maior aproveitamento sostible da especie.





CONCLUSIONES

- 1.- É necesario establecer un forte compromiso a medio prazo entre a Administración e os cazadores galegos para levar a cabo este plan.
- 2.- Hai que divulgar os contidos básicos deste plan para que cazadores e sociedades de caza poidan coñecer en profundidade a súas liñas básicas, e deste xeito pasen a ser o asento da súa xestión das poboacións de caza menor.
- 3.- É moi importante constituír un grupo técnico-científico de apoio, que sirva para transmitir e espallar os coñecementos científicos e técnicos existentes nesta materia, poñelos a disposición das sociedades de caza e empresas de xestión cinexética, e mesmo colaborar na súa posta en práctica.
- 4.- A través das sociedades de caza, e polo tanto dos cazadores e gardería, debe establecerse un sinxelo programa de monitorización sobre a situación destas especies ao longo do desenvolvemento do programa.
- 5.- Sería convinte a delimitación de áreas xeográficas, en función das súas características naturais, para a recuperación destas especies.
- 6.- Dotar de orzamento suficiente para establecer liñas de axudas de xeito continuado, durante varios anos, para acometer estudos, divulgación, e en especial, colaborar coas sociedades de caza na posta en marcha dos medios e instrumentos necesarios para levar a cabo o plan de recuperación nos seus tecos, xa sexa nas melloras de hábitats, confección de vivares, cercados de cría e aclimatación, ou calquera outro elemento contemplado no proxecto que elabore cada sociedade dentro dos parámetros esbozados neste PRCM.





7.- Establecer os mecanismos necesarios para que, nun prazo razoable de tempo, se poida garantir o control e pureza xenética e sanitaria de tódolos animais adicados a repoboacións e soltas.

8.- Sería interesante a colaboración por parte da Administración cos titulares de granxas cinexéticas galegas para que poidan afrontar este cambio no tempo máis breve posible, e sen grandes quebrantos.

9.- Actuar, ou se fose preciso, regular sobre cuestións ou métodos de uso imprescindible para o desenvolvemento deste plan, por ser de difícil posta en práctica neste momento.

10.- Establecer un mecanismo de control, seguimento e avaliación do desenvolvemento do propio plan, así como dos seus resultados ao longo dos anos, permitindo deste xeito corrixir posibles desviacións.

Santiago de Compostela, novembro de 2007

